

Atopados

A fosa 1 de San Xián

Investigación histórica

ABILIO ARAÚJO BARBOSA

Natural de Rubiáls (Coura), Portugal, fillo de Casimiro e de Rosa. De 36 anos de idade e profesión xornaleiro.

Casado con Esperanza Losada Ribeiro, natural de Chaln (Gondomar). Domiciliado na Mourisca, en Chaln.

De moi novo viu gañar a vida ás terras do Miño, andou de criado na casa do pai da que despois sería a súa muller e traballou na construción da estrada de Tui. Como bo gaiteiro e gondomareño tamén tomou camiño do Uruguai, aínda que por pouco tempo. Regresou coa proclamación da II República.

Atendía as terras herdadas pola súa muller, andaba ao xornal, traballaba nas obras públicas (camiños, estradas, o pantano de Chaln).

O 10 de febreiro de 1937, sobre as once da mañá, cando Abilio, na compañía do seu fillo maior (máis anos), estaba a "armar" a vila, recibiu a visita dun home armado cunha escopeta que lle dixo que baixase a Gondomar, que o Rúa, o cabo da Garda Civil, quería falar con el. Dixoille tamén que non se preocupara que non era nada importante. Xa non volveu.

Delivérono. Melérono, xunto aos outros dous compañeiros defortunio, no calabozo que había nos baixos da casa do concello. Pola noite sacaron aos tres entre pancadas e berros que atemorizaban a toda a vila e leváronos nun coche.

Ao día seguinte pola mañá cedo, Lucinda, a muller de Manuel, baixou dende o barrio do Castelo ata a Mourisca, al xuntoouse con Esperanza, a muller de Abilio, para levarlle o almorzo. Continuaron camiño de Gondomar. Ao pouco bateron cun Garda Civil (veciño de Chaln) que coa escopeta ao lombo rememoraba a facer a garda. Dixoilles: "Non valades que xa almorzarán".

Na vila a triste nova era xa coñecida e as dúas mulleres suberon na fonda dunha familiar de Esperanza (na casa da actual cafetería Venecia), que mataran aos tres, para o lado de Oia.

Na acta de defunción non figura o nome dos fillos pero deixou cinco: Álvaro, Herminia, Sergio, Eduardo e Dolores que nacería dous meses despois do seu asasinato.

Pasado un tempo, un irmán de Esperanza, canteiro en Vinos, fixo unha marca nunha pedra, cunha piqueta, para indicar o lugar onde apareceron os corpos sen vida, que non fomos quen de localizar. Soubese así do lugar do triple asasinato, na beira da estrada Pontevedra-Composos, á altura de San Xián, aldea da xuradiá de Marzán, na parroquia e concello de Oia. No cemiterio anexo de San Xián foron soterrados os tres cadáveres.

Na acta de defunción, levantada o 14 de marzo de 1937 a petición da familia, indicábase que faleceu o 11 de febreiro do mesmo ano a "consecuencia de heridas de arma de fuego por disparos de la Guardia Civil". A fonte de información era a mesma Garda Civil. Estes datos poden facer pensar en que ou ben pretendían facelos pasar por "luzidos" e xustificar así a súa morte ou ben na impericia do escribano xa que o relato non coincide coa información oral de familiares e veciños. Si sabemos que do grupo de asasinados, formaba parte algún Garda Civil pero tamén varios falanxistas.

1- Acta de defunción de Abilio Araújo Losada

Tomo 30, p. 344, sección 3ª RC, do Rosal.

2- Acta de defunción de Manuel Prudencio del Rosario.

Tomo 30, p. 345, sección 3ª, RC do Rosal.

3- Cobardes! Asesinos!

Castela: Galicia marítima. Febrero de 1937.

4- Capa da causa militar 644/1936

Arquivo Intermedio da Resción Militar Noroeste

Cuartel "Baluarte", Ferrol.



MANUEL PRUDENCIO DEL ROSARIO "Manuel de Lucinda"

Natural de Santarém, Lisboa, Portugal. De 33 anos e profesión xornaleiro.

Casado con Lucinda Penedo, natural de Chaln (Gondomar). Domiciliado no barrio do Castelo, Chaln.

Como o seu compañeiro Abilio, Manuel traballaba de xornaleiro e, cando o chamaban, botando morriño nas estradas que se estaban a construír. Namorou de Lucinda que tiña tres fillos dunha anterior relación (Pura, a maior, Ángel e Amelia). Da relación entre Manuel e Lucinda nacerían catro fillos (Manolo, Lola, Álvaro e Angelina). Viviron en Parabos e despois no Castelo, na parroquia de Chaln. Cando mataron a Manuel a súa muller e os seus non chegaba aos 10 anos e a máis calva. Angelina tiña a penas uns meses.

Lucinda xa sufrira o fanatismo. Algún tempo antes de matar a Manuel, a ela e máis a unha compañeira reparante o pelo ao coto, un dos castigos que os falanxistas aplicaban ás mulleres.

O dez de febreiro de 1937, pola noite, chegaron dous homes armados á casa de Manuel e Lucinda. Dixerínlle que tiña que ir a Gondomar a prestar declaración. Leváron tamén a outro compañeiro de Manuel, pero este logrou fuxir. Manuel xa non volvería. Naquela noite sacaron, na compañía dos seus dous compañeiros de infornio, do calabozo municipal entre pancadas e berros, subiron a un coche e matárono ao pasar Oia, en terras do concello do Rosal. Foi soterrado no cemiterio de San Xián.

MANUEL ou JESÚS ? "o palero de Laureana"

Segundo testemuñas orais, era máis novo que os anteriores, sobre os 20 anos e traballaba na panadería de Laureana como "palero", isto é como encargado de meter o pan no forno. Segundo diversas informacións procedía da zona de Lousa, probablemente do concello de Lousame ou de Serra de Outes. Seica un pequeno grupo de mellores procedentes destas terras se estableceran en Gondomar, algúns deles como zapateiros. Pouco máis sabemos del.

Só indicar que da causa 644/1936 aberta por "supuesto delito de rebelión" contra Salustiano Cortegoso Iglesias, de 33 anos, fillo Manuel e María, natural de Gondomar e veciño de Couso e que traballaba na panadería de Couso; Santos Pérez González de 26 anos, natural de Salceda de Caselas e veciño de Gondomar, presidente da "Sociedade de Panaderías" da UGT e empregado na panadería "Hijos de Ángel Valverde" de Laureana; e Manuel Rodríguez Amorín, de 26 anos, panadeiro, fillo de Manuel e Elisa, natural e veciño de Gondomar, dedícase que en xullo do 36 había un conflito laboral no sector e que o 9 de xullo acordárase unha reunión para o 20 que xa non se celebrou pola sublevación militar.

Os tres foron procesados e a causa sobresida. Os dous primeiros estiveron presos no cárcere de Vigo dende finais de agosto ata os últi-

Ao día seguinte Lucinda salu da casa para levarlle o almorzo. Baixou cara a Mourisca e na compañía de Esperanza enviaron camiño de Gondomar. Topáron ao Garda Civil que lles dixo aquilo de "non valades que xa almorzarán". Na vila sublevaron do crime.

Cando Lucinda regresou á súa casa só soubo aborzar a roupa de Manuel e chorar. A súa filla maior, Pura, é quen nos conta a dor da súa nai e as penurias que sufriu para sacar adiante aos seus sete fillos, dous deles morrerían de cativos. Pura cobábase con cariño do seu padrazo que falaba de todos os fillos de Lucinda "como a gallina dos pitos" e tamén que a súa nai morreu sen saber onde estaba enterrado, só sabía que o mataran a un lado de Baiona.

A acta de defunción de Manuel de Prudencio é similar á de Abilio, só chama a atención que no apartado de estado, indicábase que casara con Lucinda en 1936. Resaltábase así o estado de "pecado" no que vivía a namorada padreira. Despois do golpe militar moitas parellas casaron nun intento de evitar as penosas consecuencias, baixo un réxime fascista e nacionalcatólico, do seu amor lizo. Este foi tamén o caso de Joaquín Miguez Ledo e de Esperanza Hermida que casaron "in articulo mortis" o día anterior a que el foi fusilado.

A acta de defunción levantouse o 14 de marzo de 1937. Seica ao ser, Abilio e Manuel, cidadáns portugueses, as familias foron indemnizadas con 5.000 pesetas.

mos de novembro, mentres que o terceiro estivo en prisión atenuada no seu domicilio por atoparse enfermo.

A causa iniciase a partir das declaracións ante a Garda Civil de Domingo Fernández Carrera (Panadería Peníscol), Enrique Rodríguez Pérez (Panadería Hermida) e Esperanza Araújo Colmenero (Panadería Copen).

Manuel Rodríguez Amorín declara que na mañá do día 21 soubo que "los revoltosos" requisaran unha camioneta dunha tía súa, Encarnación Amorín, e que empregaron para conducirla a un individuo que é panadeiro, na de Ángel Valverde, a panadería de Laureana, pero que tamén traballaba de choler. Esta información é ratificada pola mesma Laureana, que requirida polo instructor da causa, declara ao tempo que o cualifica positivamente, que Manuel Rodríguez Amorín traballaba na súa panadería do 21 de xullo en "sustitución de otro que tenía la declarante y que se lo habían llevado los revoltosos para conducir una camioneta".

Polo de agora non fomos quen de identificar ao "palero de Laureana", xa que non se levantou acta de defunción. Estamos ante un desaparecido.

Agardámos que novos datos extraídos das causas militares poidan aclarar de quen se trata.

A LOCALIZACIÓN DAS FOSAS: ENTRE A FIGUEIRA E OS FEIXÓNS

O primeiro paso foi a localización das actas de defunción no Rexistro Civil de O Rosal. No tomo 30, páxina 343 da sección 3ª dese rexistro atopase a inscrición da defunción de Manuel Prudencio del Rosario co número 342. Na páxina seguinte do mesmo tomo, co número 343 é de Abilio Araújo Losada. Así soubemos que foran soterrados no cemiterio do lugar de San Xián.

Cometouno entón a procura de testemuñas no mesmo lugar de San Xián. As primeiras informacións remitíronnos a que os restos dos asasinados estarían asombrados baixo a ramaxe dunha figueira plantada na finca que linda cun valado, ao lado dereito da capela. Alí había varias arbores froiteiras pero non unha figueira de grandes dimensións, polo que a referencia non parecía moi exacta. Novos informes achegaron datos sobre unha segunda fosa, situada á esquerda da fachada da capela.

A información oral situaba varios trágicos acontecementos nas proximidades da aldea, en concreto, na parte máis baixa da mesma, paralela á liña de costa por onde transcorre a estrada C-550 que comunica Baiona e A Guarda, a uns 40m. sobre o nivel do mar. Diversos lugares foran escenario, entre 1936 e 1937, de catro asasinatos múltiples. A dos Trigos, O Carrascal, O Alto do Curto e As Migueiras. Naquela altura só tiñamos documentado por escrito o asasinato de Manuel Noia na dos Trigos (Juan Noia: Fuxidos, 1996).

A tradición oral dos familiares, pero sobre todo da xente da aldea informaba da aparición de corpos no Carrascal e no Alto do Curto e que foron trasladados polos propios veciños ao cemiterio da aldea. Aos poucos a información fíxose debullando. Os dous asasinados no Carrascal foron trasladados xuntos nunha escada, empregada a modo de padaleiro, e sepultados no lado sur da igrexa, debaixo da figueira. No Alto do Curto as informacións dubidaban entre si eran dous ou tres os asasinados e afirmaban que eran de Gondomar, un deles panadeiro que seica tivera amoríos cunha moza que tamén pretendía un garda civil e que por iso o mataran. Sería Manuel ou Jesús, "o palero de Laureana" (que non está asentado no libro de defuncións do rexistro civil do Rosal, pero si Abilio e Manuel).

A tradición oral é que no lugar da morte, ao pouco, naceron feixóns que tiñan unha flor moi fermosa e que seica un deles traía no peto porque o prenderan cando estaba a mollar leite. Seica durante anos os feixóns brotaban coas súas fermosas flores. Outras informacións sitúan o brote dos feixóns na mesma fosa e mesmo outras indican que foron uns familiares os que levaron unhas flores moi fermosas que deixaron enriba da fosa, que ao ano seguinte prenderon e durante anos brotaban naquel lugar.

É preciso indicar que despois do 11 de febreiro de 1937 mataron un número indeterminado de persoas nas Migueiras, tamén na estrada xeral C-550, tres, catro ou máis e que o alcalde do Rosal dera orde de enterrarlos no cemiterio de San Xián pero diante das protestas do pedáneo Rafael Pérez, "O Calán", polo reducido espazo do campamento, foron trasladados e sepultados noutro lugar que os veciños non sabían dicir se foi na Guarda ou no Rosal. O cemiterio foi abandonado en 1971.

Algún tempo despois púxose en contacto con nós Ulpiano Iglesias Portela, veciño de San Pedro da Ramalloza, que nos informou de que mataran ao seu pai Joaquín de la Iglesia Portela, carpinteiro de 46 anos, nunha data indeterminada de 1936 e que o enterraron no Rosal, debaixo dunha figueira, e que o seu maior desexo sería darlle digna sepultura ao seu pai. Botábase pois algunha luz sobre a fosa da esquerda. A revisión do libro de defuncións do Rosal no seu pingüina pista nova. Na actualidade os restos que coadman pertencen a Joaquín de la Iglesia Portela están en proceso de identificación por parte do Instituto de Medicina Legal da Universidade de Santiago.



Joaquín de la Iglesia Portela. Foto familiar



Teresa Pérez informa a Ulpiano Iglesias Portela sobre o lugar da fosa. Foto: X.L. Vilar/TEM



Informando aos familiares antes das escavacións. Foto: Xilberto Masno/TEM

Atopados²

A fosa 1 de San Xián

Investigación histórica

O Sindicato da construción e oficios varios (adherido á UGT) de Gondomar estaba, en 1936, presidido por Joaquín Míguez Ledo, encartado na causa militar 805/36 contra varios veciños de Gondomar, entre eles o alcalde democrático José Pequeno Rodríguez, labrego, de 52 anos, natural de San Pedro da Ramallosa e veciño de Borreiros.

Míguez Ledo, xornaleiro de 29 anos e veciño de Vilaza, foi condenado a morte e fusilado contra a tapia do cemiterio de Pereiró (Vigo) o 24 de outubro de 1936.


Nesta causa tamén foron encartados José Crieiro González, de 36 anos, mestre de Donas; Manuel Domínguez, de 36 xornaleiro, veciño de O Picoto; Antonio Iglesias, xornaleiro de 18 anos veciño do barrio da Igrexa, en Gondomar; Rogelio Lorenzo González, construtor de 52 anos, natural de Chaín e veciño de Gondomar; Manuel Rodríguez Gómez, 39 anos, albardeiro, natural de Ribadavia e veciño de Gondomar e Feliciano Vargas, de 35 anos, labrego, natural e veciño de Petiteiros (Area).



1



2



3



4

1- Joaquín Míguez Ledo, presidente do Sindicato de Gondomar. Condenado a morte e fusilado en Pereiró o 24 de outubro de 1936. Foto tirada da causa militar 805/36. Arquivo Intermedio da Rexión Militar Noroeste Cuartel "Baluarte", O Ferrol.

2- José Pequeno Rodríguez, Alcalde de Gondomar en xullo de 1936. Tomado de Solino e outros: *Gondomar. Historia, Arte e Territorio* (1995).

3- Capa da causa militar 718/36. Arquivo Intermedio da Rexión Militar Noroeste. Cuartel "Baluarte", Ferrol.

4- José Crieiro nos primeiros anos 60. Foto familiar.

Os dirixentes do Sindicato de Gondomar foron encartados na causa 718/36 contra 12 veciños de Gondomar. A directiva do Sindicato estaba formada ademais do presidente por: Marcelino Suárez Iglesias (vicepresidente) de 29 anos, veciño de Gondomar; Marcial Mariño García (secretario), de 17 anos, veciño de Gondomar; Marcial Alonso Álvarez (contador), de 31 anos, veciño de Vilaza. E os vocais: Manuel Franco González (de 26 anos, xornaleiro, de Gondomar), Evaristo González (non encartado) e Manuel Domínguez Sanromán (de 40 anos, canteiro, de Gondomar).

Nesta mesma causa por "Rebelión militar" foron tamén encartados: Ascasio Jorge, de 27 anos, natural de Carvide (Leiría, Portugal) e veciño de Vilaza; José Cavaco Durán, de 26 anos, xornaleiro, de Gondomar; José Pereira Costas, de 17 anos, natural de Braga, canteiro, veciño de Mañufe, tomáronlle declaración o 9 de agosto de 1936; o 19 do mesmo mes apareceu morto nas Roteas (Nigrán); Felipe Méndez Núñez, de 31 anos, armador, veciño de Vilaza; Marcial Alonso, de 18 anos, xornaleiro de Mañufe; Manuel González Pérez de 23 anos, de Couso e Manuel Rodríguez Gómez de 39 anos, natural de Ribadavia e veciño de Gondomar.

ASASINATOS RECOLLIDOS NO REGISTRO CIVIL DE GONDOMAR

Data	Nome	Domicilio	Idade	Profesión	Atopado en	Cause
05/09/36	Delmiro Prado Lago	A Carrasqueira - Coruxo	32	Barbeiro	Pegoneiro, Vilaza	Destrución cerebral
14/09/36	Edelmiro García Suárez	Caride - Lavadores	50	Empregado	A Gándara, Vincios	Hemorragia interna por arma de fogo
18/09/36	Arturo Fernández Cabaleiro	Tui	36	?	A Pasaxe, Vincios	Hemorragia e destrución cefálica
24/09/36	Francisco Martínez Díaz	O Calvario, Lavadores	64	Sereno	O Tumbio, Vincios	Disparo por arma de fogo
27/09/36	Alejandro Bastos Posada	A Gándara, Beade, Vigo	32	Peón	Os Aguchos, Vilaza	Destrución cerebral por arma de fogo
27/09/36	Descoñecido		32?		Vincios	Hemorragia tórax e cranio por a. de f. curta
06/10/36	Fernando Costas Iglesias	R/ Romil, Vigo	29	Empregado	Vichicáns, Vincios	Feridas por arma de fogo
06/10/36	José Comesaña Pérez	A Garita, Alcabre, Vigo	28	Albanel	A Pasaxe, Vincios	Feridas por arma de fogo
06/10/36	Antonio Comesaña Pérez	O Cruceiro, Alcabre, Vigo	32	Empregado	A Pasaxe, Vincios	Feridas por arma de fogo
06/10/36	Emilio Giraldez Rodríguez	O Viso, San P. Da Ramallosa, Nigrán	39	Empregado	A Pasaxe, Vincios	Feridas por arma de fogo
06/10/36	Emilio Comesaña Sobreira	Alcabre, Vigo	49	Carpinteiro	Vichicáns, Vincios	Feridas por arma de fogo
06/10/36	Manuel Enrique Villar Gimadevila	O Pino, Vigo	40	Empregado	Vichicáns, Vincios	Feridas por arma de fogo
28/01/37	Jesús Rodríguez García	Taboexa, As Neves	37	?	Vilas, Morgadáns	Fractura craniana por arma de fogo
10/06/37	José María Barreiro Ferreira	Chenlo, O Porriño	46	Labrego	Vilas, Morgadáns	Hemorragia interna de tórax
14/12/39	Francisco Salgueira Hermida	Sobreira, Valadareda, Vigo	38	Labrego	Vincios	Hemorragia cerebral por arma de fogo
Veciños de Gondomar asasinados						
19/08/36	José Pereira Costas	Mañufe	17	xornaleiro	As Roteas, Nigrán	
24/10/36	Joaquín Míguez Ledo	Vilaza	29	xornaleiro	Pereiró, Vigo	Fusilado
11/02/37	Abilio Araújo Losada	Chaín	36	xornaleiro	San Xián, O Rosal	Disparos da Garda Civil
11/02/37	Manuel Prudencio del Rosario	Chaín	33	xornaleiro	San Xián, O Rosal	Disparos da Garda Civil
11/02/37	Manuel ou Jesús? pai de Laureano	Gondomar	?	panadeiro	San Xián, O Rosal	
06/04/37	Manuel Lorenzo Pazos	Gondomar	22	?	Vilasobroso, Mondariz	Feridas producidas por arma de fogo

É posible que tamén fose veciño de Gondomar José Vargas Alonso, asasinado o 6 de abril de 1937 en Vilasobroso, Mondariz.


Atopados³

A fosa 1 de San Xián

Escavación arqueolóxica

EMPRAZAMENTO

O emprazamento das fosas cos cadáveres, segundo as testemuñas orais de familiares e veciños, era o adro da igrexa de San Xián, aldea da xuradía de Marzán da parroquia do Rosal no concello do mesmo nome. Este lugar atópase a uns 40 Km de Gondomar, lugar onde estiveron encarcerados ata o seu posterior asasinato.




Emprazamento xeral do lugar onde se atopou a fosa



Fotografía aérea coa situación da igrexa no lugar de San Xián.

SONDAXES DE LOCALIZACIÓN

As sondaxes realizáronse na parte norte da igrexa seguindo a información fornecida por Dolores Lomba que lembraba que á altura da nave da igrexa as mozas da aldea limpaban as tumbas que dicían eran dos que mataran na estrada de abaixo. Realizáronse sondaxes amplias tratando de atopar os corpos que nos dicían dispostos leste-oeste, paralelos aos muros da igrexa.



Situación das sondaxes e das fosas identificadas



Aspecto do emprazamento da fosa previo ao inicio da escavación



As primeiras sondaxes

O resultado foi negativo, se ben a partir dos 15/20 cm. aparecían ósos soltos, lóxico por atopármonos nun espazo de enterramento centenario, pero tamén entullo ata os 90 cm. de profundidade que interpretamos como botado alí despois de exhumar os corpos para trasladalos ao cemiterio novo en 1971.



Exemplos de concentracións de ósos non relacionados cos asasinados.



Detalle das botas en conexión con outros elementos esqueléticos.

Procuramos entón á testemuña de Teresa Pérez, que lembraba a apertura da fosa, en febreiro de 1937, e situaba o punto de deposición á altura do altar. Realizamos dúas sondaxes de resultado positivo ao atopar a 1'10 m. de profundidade unhas botas en conexión anatómica con tibias e peronés e en posición non habitual para un enterramento.

Atopados⁴

A fosa 1 de San Xián

Escavación arqueolóxica

ESCAVACIÓN

Localizados os corpos na fosa (FOSA 1) procedeuse a retirar a terra que ocultaba os corpos para chegar á identificación dos cadáveres.



Proceso de escavación co Individual 1 practicamente definido.



Aspecto do tramo superior do corpo e do cráneo do individuo 2.



Detalle das botas e restos de tecido (pantalóns) conservados no Individual 1.



Aspecto da fosa unha vez exhumados os tres cadáveres.



Detalle da cadea metálica que portaba o Individual 2




Individual 3 parcialmente escavado



Detalle do cráneo e do brazo dereito do Individual 3 en proceso de escavación.

A orde de deposición parece que se iniciou polo individuo 3, logo continuouse polo individuo 2 e rematouse co individuo 1 a xulgar polas superposicións anatómicas.



XOSÉ LOIS VILAR PEDREIRA

Arqueólogo. Director da escavación realizada pola Sección de Prehistoria e Arqueoloxía do Instituto de Estudos Miñoranos.

O equipo de traballo que realizou as escavacións das dúas fosas de San Xián e a dos "Nove" no cemiterio de Baiona, coordinado por Eduardo Méndez Quintas, estaba composto polos arqueólogos Roberto Rodríguez Álvarez, Herminia Rodríguez, Andrea Serodio, a estudante de arqueoloxía Arantxa Getino e contaron coa colaboración dos profesores Xilberte Manso De la Torre, Xosé María Bouzo Fernández, Urbano Rodríguez Leirís, Pilar Barreiro Vilas e Carlos Meixome Quinteiro. Así como Anxo Rodríguez Lemos, Ana Rodríguez, Roberto Valverde Sabin, Sergio Alonso Alii, Cristian Alonso Paz e Manuel González "O Tourón".


Atopados⁵

A fosa 1 de San Xián

Proceso de investigación antropológico-forense e de identificación do esqueleto. Fosa 1-individuo 1

ABILIO ARAÚJO BARBOSA

Disposición dos esqueletos na fosa 1.
O esqueleto 3 correspóndese con Abilio Araújo Barbosa



INVENTARIO DOS RESTOS CHEGADOS AO LABORATORIO



MOSTRA INDUBIDABLE

Tomada con data de 18-4-09 de Álvaro Araújo Losada, fillo de Abilio Araújo Barbosa con DNI 35864166-J.

RESULTADOS ESTUDO ANTROPOLÓXICO:

Os datos antropolóxicos confirman que os restos pertencen a un VARÓN ADULTO NOVO (25-40 anos de idade), de TALLA arredor de 168 cm. e que presenta:

- 1) Traumatismo cranio-encefálico SEVERO perimortal.
- 2) Lesión antemortem por disparo de arma de fogo en fémur dereito.
- 3) Lesións antemortem producidas por perdigóns en ambas pernas.

RESULTADOS ESTUDO XENÉTICO:

Segundo INFORME 48/09 do Instituto de Medicina Legal da Universidade de Santiago de Compostela, recibido no noso laboratorio o día 14-6-2010, conclúese o seguinte:

-En termos porcentuais, o valor de probabilidade para a hipótese de que o doante de M1: dentes pertencentes ao esqueleto chamado FOSA 1-ESQUELETO 1 sexa o pai biolóxico do doante de M2: torunda de mucosa oral rotulado con nome de ALVARO ARAÚJO LOSADA é de 99,999999% (a priori de 0,5).

CONCLUSIÓNS MÉDICO LEGAIS:


- 1) Os restos óseos estudados como FOSA 1- ESQUELETO 1 correspóndense cos do pai de Álvaro Araújo Losada é dicir con ABILIO ARAÚJO BARBOSA.
- 2) Os restos óseos presentan signos de violencia.
- 3) A orixe médica legal máis probable da morte é a HOMICIDA.
- 4) Os restos óseos presentan signos de ter sufrido disparos de arma de fogo algúns días antes da morte.
- 5) A causa da morte é posible que estea en relación cun TRAUMATISMO CRANIO-ENCEFÁLICO SEVERO.

Atopados ⁶

A fosa 1 de San Xián

Proceso de investigación antropológico-forense e de identificación do esqueleto. Fosa 1-individuo 2
Hipoteticamente MANOLO "O PALERO DE LAUREANA"

Disposición dos esqueletos na fosa 1.
O individuo 2 non foi identificado



INVENTARIO DOS RESTOS ÓSEOS PRESENTES DO ESQUELETO FOSA 1-INDIVIDUO 2




Alguns obxectos asociados á FOSA 1-INDIVIDUO 2 antes e despois da súa limpeza.



Orificio de entrada de proxectil duns 9 mm. en zona media da caluga.

Orificio de entrada de proxectil duns 7 mm. en zona parietal esquerda



Traxectos dos disparos sobre cráneo de F1-E2. En negro o disparo efectuado co proxectil de 9 mm.; en vermello o disparo efectuado co proxectil de 7 mm.

CONCLUSIÓNS MÉDICO LEGAIS

O estudo antropológico e xenético forense dos restos denominados FOSA 1-ESQUELETO 2 permite concluír que:

- 1) Non foi posible efectuar identificación positiva, aínda que excluímos que os restos pertencen ao pai biolóxico de Ulpiano Iglesias Portela.
- 2) Os restos óseos presentan signos de violencia.
- 3) A orixe médica legal máis probable da morte é a HOMICIDA
- 4) A causa da morte está relacionada cun TRAUMATISMO CRANIO-ENCEFÁLICO SEVERO producido por DISPAROS DE ARMA DE FOGO.
- 5) A vítima recibiu o impacto na cabeza de dous tipos distintos de proxectís (de 9 y 7 mm.) o que suxire o uso de dúas armas distintas.

FERNANDO SERRULLA
Unidade de Antropoloxía Forense
Instituto de Medicina Legal de Galicia